

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24/09/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE**

**José Marcote Suárez**

#### **TTES. DE ALCALDE**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

#### **SECRETARIO**

José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **24/09/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

#### **1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 27 de Agosto de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

### **OBRAS MAIORES**

1A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A **MANUEL GUILLERMO CARTAMIL OBELLEIRO**, para proceder á **Rehabilitación dunha Edificación para uso de Comercialización de Peixe e Mariscos** (Referencia Catastral 8608709MH7580N0001XT), debendo axustarse na súa totalidade ós **Proxectos Técnicos, Básico e de**

Execución visados con datas 24/01 e 2/04/2020 e Anexo de data maio de 2020, redactados polo Arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés de datas 10 e 24 de Xullo de 2020, así como ó cumprimento das condicións establecidas nos puntos 2.2 e 3 da resolución emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que consta no expediente e do que se lle dará coñecemento ó interesado.

En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- EXPEDIENTE : 2020/U022/000001
- LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 24/09/2020
- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Casco Antigo de Fisterra (O-1)
- PROMOTOR: Manuel Guillermo Cartamil Obelleiro
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: Xoán B. Alborés Tajés.- Arquitecto .
- DIRECTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existente.
- USOS: Restaurante e Local Comercial

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

-- Repoñerase ao estado inicial o pavimento coas mesmas calidades e materiais.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (5.349,27 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de Douscentos corenta e tres mil cento corenta e oito euros con cincuenta e un céntimos ( 243.148,51 €).

**Así mesmo salientar que unha vez rematadas as obras deberá:**

-- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentarse comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- O Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

4. O disposto neste artigo tamén será de aplicación aos supostos de modificación, ampliación ou traslado.

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.

### **COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JUAN LÓPEZ SENLLE**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.666 de 10/09/2020) **para proceder ás obras consistentes na limpeza da cuberta dunha vivenda** (Referencia Catastral 8504505MH7580S0001SD).-

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

--Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE VECIÑOS EDIFICIO TRAVESÍA CORBEIRO Nº 4**, con CIF H15876220 e domicilio social en Travesía Corbeiro, 4 desta Vila, **para proceder ás obras consistentes na impermeabilización de beirarrúa en edificación existente na citada Rúa** (Referencia Catastral 8802326MH7580S).-

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JOSÉ TRABA MARTÍNEZ**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.524 de 24/08/2020) **para proceder ás obras consistentes na limpeza do teito con**

pintado do mesmo cor tella e pintado das fachadas principal e lateral na cor existente dunha vivenda (Referencia Catastral 8605201MH580N0001UT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de PRIMITIVO OLVEIRA GONZÁLEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.525 de 24/08/2020) para proceder ás obras consistentes no encintado da fachada principal dunha vivenda (Referencia Catastral 8505503MH7580N0001XT), mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de dous metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 31 de Agosto de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

-- No encintado a realizar mantéña solución formal e construtiva existente, así como as súas cores e acabamentos.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de AINHOA ZURIARRAIN SAMBADE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.526 de 24/08/2020) para proceder ás obras consistentes na instalación dun portalón de entrada ó garaxe existente no baixo dunha edificación (Referencia Catastral 1547501MH8514N0033JA).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

--A cor a empregar no portal armonice coas existentes no resto da edificación.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ENRIQUE BEL FENELLOS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.700 de 16/09/2020) para proceder ás obras consistentes no alicatado e substitución de sanitarios do baño dunha vivenda (Referencia Catastral 1247122MH8514N0068WF.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL CARMEN OBELLEIRO SUÁREZ, veciña de Fisterra para proceder ás obras consistentes na construción dun peche con viguetas de formigón a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 0948502MH8504N0001OU.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ELSA DÍAZ CASTREJE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 822 de 2/06/2020), para proceder ás obras consistentes na construción dun

peche de pedra de 30 metros de longo a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502004260000DL.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

-- A altura máxima permitida para a parte opaca do muro non superará o 1,00 metro en atención ó indicado polo art. 307.2 da normativa do PXOM.

-- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a alienación e o retranqueo do peche solicitada con respecto ao vial público.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA ELENA RIOS RODRÍGUEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 763 de 20/05/2020), para proceder ás obras consistentes na construción dun peche de pedra de 19 metros de longo a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502212450000DL).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

-- A altura máxima permitida para a parte opaca do muro non superará o 1,00 metro e o total do peche solicitado (pedra+mallas), non superará ós 1,50 metros, en atención ó indicado polo art. 314.2 da normativa do PXOM.

-- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a

alienación e o retranqueo do peche solicitada con respecto ao vial público.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN FRANCISCO DE LA BARRERA DUBERT, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 975 de 19/06/2020) para proceder ás obras consistentes na reparación de gretas da fachada principal e baixa dunha edificación, lavado e pintados en cor branca e gris dos muros lindantes (Referencia Catastral 8605805MH7580N0001ZT; deberá axustarse ás condicións establecidas no punto 2.2. da Resolución emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (xúntase copia) e que consta no expediente .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SEVERO DÍAZ BUITURÓN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.324 de 23/07/2020) para proceder ás obras consistentes na retirada da tella mixta do tellado e colocación de corcho de 3 cm con nova tella cerámica nunha vivenda (Referencia Catastral 002300400MH75F0001UL .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de CLEMENTE BLANCO AREAS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.690 de 15/09/2020) para proceder ás obras consistentes na construción de escaleiras interiores para substitución das existentes nunha vivenda (Referencia Catastral 0844902MH8504S0001DG) .-



**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MANUEL DOMÍNGUEZ BUITURÓN**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.607 de 2/09/2020) **para proceder ás obras consistentes na Reforma e Acondicionamento dun Local para Obradoiro de Manipulación de Peixe,** (Referencia Catastral 8504519MH7580S0002BF e 8504519MH7580S0003ZG), debendo axustarse ó Proxecto Técnico redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez de data Xullo de 2020.-

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Setembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:**

**“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.**

**2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:**

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

Polo que para o inicio de actividade, deberá achegarse informe xustificativo o cumprimento dos requisitos indicados, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretende desenvolver a actividade.

Salientar que unha vez rematadas as obras:

1. Será necesario, para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentarse comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente e informe xustificativo do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia o cumprimento, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretende desenvolver a Actividade.

2. Na comunicación de inicio de actividade, xustificarse adecuadamente o cumprimento da normativa de accesibilidade para a peixaría de acceso público proposta no proxecto.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (2.910,05 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base ó Presuposto de execución material de cento trinta e dous mil douscentos setenta e cinco euros con sete céntimos (132.275,07 euros).

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 23 de Setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a ELOY BOULLOSA DÍAZ, veciño de Fisterra, LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN PARA “USO HOTELEIRO” emprazada na Rúa Alcalde Fernández, 16 desta Vila, con Licenza Urbanística concedida por esta Comisión en sesión do día 2/03/2018, (Parcela de Referencia Catastral 8506829MH7580N0001ST) en base ó Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés que consta no expediente.-

C) Ante a solicitude expresa da promotora ( Rexistro Xeral de Entrada 1675 de 14 Setembro 2020 ), a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Deixar sen efecto a Licenza outorgada a MARIA ADORACIÓN OROÑA DOMINGUEZ, veciña de Cee, para Segregación dunha Parcela inicial e Tres finais que forman parte da Concentración Parcelaria do Val de Sardiñeiro ( Referencia Catastral 15038A50300235000DA ),

Así mesmo procédase a devolución do ingreso que pola Taxa de segregación de fincas foi efectuado nas arcas municipais o día 5 de Agosto de 2019 polo importe de 180,00 € ó non levarse a cabo a mesma e ante a inexistencia de prescrición.-

### 3º.- ASUNTOS VARIOS.

#### Aprobación definitiva Padrón Fiscal

Examinado o expediente do Padrón Municipal da taxa pola Utilización Privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular do exercicio 2020.

**Resultando**, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro) foi exposto ó público no BOP número 134 de 20/08/2020 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período comprendido entre o 21/08/2020 ó 21/09/2020 ambos incluídos e que transcorrido dito prazo non foron presentadas reclamacións.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda Aprobar Definitivamente** dito Padrón Fiscal nun importe total de “ Seis mil cento oitenta e catro euros con cincuenta céntimos ( 6.184,50 € )”

## Adxudicación definitiva Obra Pavimentación Rúa Mar de Fora

Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Pavimentación Viario rúa Mar de Fora ( cara ao Norte ) - Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta e catro euros con oitocentos setenta e un euros con setenta céntimos ( 44.871,70 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Ano 2020.--

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 9 de Setembro de 2020 en favor da Empresa con mellor oferta, Enxeñaría Medioambiental e Desenvolvementos Constructivos S.L.U.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Enxeñaría Medioambiental e Desenvolvementos Constructivos S.L.U., con CIF B70609391 e domicilio social na Rúa Domingo Antonio de Andrade, Portal 2º D da localidade de CEE, CP 15270, Provincia de A Coruña nun importe de Trinta e dous mil cincocentos sesenta e un euros con noventa e oito céntimos ( 32.561,98 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Seis mil oitocentos trinta e oito euros con dous céntimos ( 6.838,02 € ) que supón unha baixa de Cinco mil catrocentos setenta e un euros con setenta céntimos ( 5.471,70 € ) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles ( 15 ) seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo.--

Así mesmo notificarase dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

4º.- Facultar o Sr. Alcalde Presidente para que no nome desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

#### Adxudicación definitiva Obra Rúa Alcalde Fernández e EDAR Denle

Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora, Saneamento Rúa Alcalde Fernández e EDAR en Denle " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Cincuenta e tres mil trinta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos ( 53.035,85 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Ano 2020.--

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 16 de Setembro de 2020 en favor da Empresa con mellor oferta, Enxeñaría Medioambiental e Desenvolvementos Constructivos S.L.U.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

